

# CENTRO SOCIAL ARMENTÓN

OUTUBRO 2024



XOVES 3

17.00 a 19.00h

## XOGOS EN FAMILIA

Goza dunha tarde de entretemento xogando a xogos de mesa cos teus veciños/as.



XOVES 10

17.00 a 19.00h

## DEBUXO CON ACUARELA

A actividade consiste en aprender a crear ilustracións usando técnicas básicas de acuarela, mesturando cores e xogando coas transparencias.



XOVES 17

17.00 a 19.00h

## DECORACIÓN DO CENTRO SOCIAL: SAMAÍN

Os/as participantes crearán adornos terroríficos para ambientar o espazo, usando materiais diversos e simboloxía típica do Samaín. O obxectivo é transformar o centro nun lugar festivo e misterioso.



XOVES 24

17.00 a 19.00h

## DECORACIÓN DE CABAZAS

Os/as participantes poderán crear deseños terroríficos nas súas propias cabazas usando pinturas, pegatinas e outros materiais creativos. **Lembra levar a túa cabaza!**



XOVES 31

17.00 a 20.00h

## FESTA DE SAMAÍN

Festa temática con música, baile e un photocall. Animádevos a vir disfrazados/as e participade no concurso de disfraces! **Inscríbete no teu centro social a partir do 14 de outubro. Entrada libre ata completar aforo.**



\*Para algunha das actividades é necesario que as persoas participantes acheguen algún dos materiais. Solicita información no teu centro social

# Arteixo